

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 1 CINTA 1



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0001_001_en_0_00_00_id491_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0001_001_en_0_00_00_id491.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o primeiro corte dos que se divide a primeira das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

A entrevista trata sobre as artes de pesca do xeito e o boliche e a forma de traballar en postas.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas que eleximos presentar na rede cortadas para optimizar o traballo de busca.

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 21 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR(S):** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia



NOTAS DA TRANSCRICIÓN

As partes do texto onde aparecen puntos suspensivos “...” no medio da conversas correspóndense con partes inintelixibles ou que aparecen cortadas no audio e polo tanto non se poden transcribir.

Aclaración de termos: “Parte”: A parte era un sistema económico da repartición das ganancias sobre as vendas do peixe

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

Transcrición realizada por Xosé C. Villaverde e revisada por el mesmo no ano 2019.

PALABRAS CHAVE

pesca, artes de pesca, boliche, xeito, cerco, postas, salabardo

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 1 DA CINTA1

P: Usté, ¿que anos ten? 92 ¿non?

R: Fágoos agora o día dous de agosto.

P: Noventa e un, Usté chámase José Bernárdez Villaverde.

R: José, Antonio José Bernárdez Villaverde. O nome propio ¿non?

P: Vamos a falar sobre o mar. Dígame máis ou menos das artes, que recorda, que tipo de partes tiñan, como é o plomo, os calóns, as colchas ¿que artes coñece?, o xeito por exemplo.

R: O xeito aquí non se usaba, o xeito usábase en Cangas. O xeito nada máis que se usaba en Cangas. En Moaña usábase o “boliche”.

P: Que diferenza hai do boliche ó xeito.

R: O boliche, porque o xeito sabes que é unha rede que vai directa, ven o peixe e malla. A rede está parada.

P: É coma si foran unhas pezas, como para a merluza.

R: O mesmo. Plégase a rede, ás horas marcadas polo tempo ¿non? Tes o tempo regulamentario para recoller a rede antes de que sexa noite. Porque si ven a noite hai moitos defectos, pero lárgase con sol e colles ó meterse o sol. Non sabes si vas a pescar ou si non vas a pescar. Hai moitas veces que miras o peixe a vista antes de largar a rede á tardiña de todo. Largas a rede, tes aquel tempo marcado, unha ou dúas horas, con el vas coller a rede e ven como si fora... ¿mirache as pezas do ...?(inaudible)

P: Malla o peixe alí.

R: Malla o peixe, non o acusa nadie.

P: ¿É iso como se marca? ¿Cuns baureles, tamén?

R: Cuns baureles totalmento coma...uns baureles.

P: ¿É toda a parte igual, por arriba teñen uns colchos, por abaixo unha plomada?

R: Si. O plomo para que toquen no fondo as redes e o colcho para que levante a rede, o alto que dea, ¿non? Unhas veces lárgase en dez brazas, outras veces lárgase en catro ou cinco, depende como mires a seguridade. E o boliche é un acerco, que ten unhas zonas máis altas e outras máis baixas, e ten o cope para que o peixe acusado vaise meter na corona.

P: O cope, ¿que suele quedar no centro?

R: O cope queda no centro, con varias demarcacións de redes para que a rede non malle. A rede vaia acusada ó sitio regulamentario que se chama a corona.. porque alí non malla, e o último rincón, e xa non sae de alí.

P: As partes do boliche, cando se empeza a tirar ¿que é, o calón?

R: O calón.

P: Ven o calón, despois xa ven a malla donde forma o cope.

R: Veñen tres mallas.

P: ¿Hai tres mallas diferentes?

R: Ven o calón e o chouzo e os laxos.

P: ¿Chouzo?



R: Chouzo chámanlle ós calóns.

P: Si.

R: O boliche chámanlle o chouzo, os laxos, os chouzos e a ghola.

P: ¿a gorra?

R: Si, a ghola. É a arte componse tamén. A arte é o mesmo tipo do boliche, solo que a arte fai mallas máis altas e mallas máis largas. A arte non traballa fóra da ría. A arte traballa en postas. Unha tira aquí e outra alá, e van halando en terra ata a última.. e despois o peixe cóllese en terra.

P: Vaise halando desde terra, colles un cabo, unha tralla toda, vai todo un círculo e despois a outra tralla ven a terra. E despois tírase, vaise halando de unha tralla e máis da outra ¿non?

R: E que a arte, no momento que se fai vai cortando, vai chegando á terra, vanse botando os cabos, os cabos vanse xuntando para que se xunte a rede, entón o que estárase a facere era a enxaghua, como lle chamabámoslle nosoutros, a enxaghua que é cando recolles o pescado, ¿non? A lancha da arte mete unha trampa, mete unha trampa por debaixo deste calón e deste calón, unha trampa así e vai a dar ó barco que lle chaman a enviada.

P: ¿A virada?

R: A enviada.

P: A enviada.

R: A enviada é a que leva o peixe a Vigo. Que o recolle na arte e levao á venda, e polo regular vai a Vigo ¿non?. O encerran, un por aquí e por aquí, e escapan dun para outro e préndenno,... o cope e mais a corona xa quedan aislados, un do outro. E alí na trampa, empezan a coller o peixe e métenno nesa enviada e, xa hai individuos que traballan na, na ... de compañeiros á parte. Pois van xa teñen seis ou sete nesa enviada para ir vender peixe.

P: Entón, ¿a trampa é para que non escape o peixe? Para cerrar o peixe.

R: En vez de enviar o peixe a terra, á praia, con esa trampa a bordo da embarcación enviada da lancha da arte, fan a trampa para levantarlle.

P: Entón non soltan o peixe en terra, cólleno na lancha.

R: Non, non. Este é un cabo, este é outro cabo, este é o mariñeiro, este, aquí é a ghola, o que chamamos a ghola, por aquí métese o peixe para a corona, estas son as bandas de tirar ¿non? Enton esas bandas que como van chegando a terra, vanse cortando, xuntando. Entón vai a lancha da arte, vai a enviada de levar o peixe, meten unha trampa por aquí por debaixo, e cando (a rede) está xunta levantan esta trampa e hilan e ese peixe que queda virado para outro lado, porque se non hilan como este mallage da ghola é moi amplo chegarían, que sei eu, sería unha feira todo, como o peixe vaise acosado de aquí, vanlle dando cos remos ou unhas chapadas e tal vaise metendo todo para aquí ¿non? Entón fanlle a trampa e queda completamente hilada e vanse metendo todos para aquí. Despois de facer a trampa collen e hilan e o peixe queda aquí amontonado, e despois entre a lancha da arte que ten a trampa feita,... van botando na enviada o peixe cos salabardos e van botando....

P: ¡Ah! Cólleno co salabardo. Non meten a ghola bordo, non van collendo co salabardo.

R: Si, si porque despois a trampa desfaise, collen o colcho e no colcho, poñen o peixe a....

P: E o colcho queda entre unha lancha e outra. E despois cos salabardos....

R: E despois cos salabardos van recollendo porque non poden abocar si é moita cantidade, non poden abocar. Pero polo regular hai salabardos apropiados e iso para abocar na embarcación si a enviada non é capaz de levar todo ¡ehi caelle a trampa lancha da arte para que a teña mentras non vaia outra embarcación.... e todo isto aquí é un mallage que lle chaman.... desde aquí a aquí, son os cabos de terra ¿non? Os calóns.

P: Os calóns son os primeiros que van dende o cabo ata....

R: Á zona máis laxa, á zona máis aberta. Despois veñen os chouzos

P: Os chouzos que teñen a malla máis pequena

R: Máis pequena. Despois ven a ghola, outra máis pequena, vanse recortando o mallage ¿non?. Aquí, xa ven a gola, a boca, e aquí na ghola mesmo ten sete menas, sete menas é un mallage en cada cuarta... Unha leva vinte mallas por cuarta. outra dezaioito, outra leva dez, vai acortando o mallage. A zona de mallage máis larga son os calóns. Porque alí é unha zona do aparello para ir ..., para que o pescado non malle e soltese e vaise acosando ¡Sácate de aquí e vaite para alí! E vai arrecuando. E o peixe vaise acosando alí. Porque o peixe cando se mira acosado.. si a malla do tipo del, do peixe que veña, pois malla todo, é coma o xeito, se non escapaba.